

Acordo do Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se apoba a normativa que regula a confidencialidade para o desenvolvemento de prácticas académicas externas curriculares, traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de estudos de formación permanente na Universidade da Coruña

Índice

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	4
Artigo 1. Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación	4
Artigo 2. Aplicación do procedemento de confidencialidade	4
Artigo 3. Alcance da confidencialidade	5
CAPÍTULO II. Procedemento de solicitude e autorización da confidencialidade	6
Artigo 4. Solicitude de confidencialidade	6
Artigo 5. Resolución e efectos da autorización	6
CAPÍTULO III. Medidas de confidencialidade durante a realización, depósito, defensa e publicación do traballo	7
Artigo 6. Realización do traballo	7
Artigo 7. Depósito do traballo	7
Artigo 8. Defensa e avaliación	8
Artigo 9. Publicación e desclasificación	9
CAPÍTULO IV. Medidas de confidencialidade durante a realización e avaliación das prácticas académicas externas curriculares	9
Artigo 10. Realización	9
Artigo 11. Memoria, informes e avaliación	9
CAPÍTULO V. Compromisos de confidencialidade e obrigas das persoas implicadas	10
Artigo 12. Persoas obrigadas a asinaren	10
Artigo 13. Contido e custodia dos compromisos de confidencialidade	10
Artigo 14. Incumprimento das obrigas	11
CAPÍTULO VI. Propiedade intelectual e industrial	11
Artigo 15. Titularidade dos dereitos	11
Artigo 16. Traballos vinculados á investigación ou contratos	11
Disposición adicional primeira. Aspectos éticos da investigación	12
Disposición adicional segunda. Adaptación dos centros	12

Disposición final primeira. Interpretación	12
Disposición final segunda. Entrada en vigor e normativa supletoria.....	13

PREÁMBULO

O traballo de fin de grao e o traballo de fin de mestrado constitúen unha materia obrigatoria das titulacións oficiais da Universidade da Coruña, cuxa superación require a elaboración por parte de cada estudante, baixo a dirección de polo menos un membro do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña ou dalgunha das universidades participantes no caso de titulacións conxuntas ou programas de mobilidade, dun proxecto, memoria ou estudo orixinal, e a súa defensa pública ante un tribunal académico. A súa finalidade é acreditar que o estudantado adquiriu as competencias, habilidades e coñecementos propios da titulación cursada.

De conformidade cos artigos 14.6 e 17.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da calidade, a defensa do traballo de fin de grao e do traballo de fin de mestrado debe realizarse en acto público, segundo a normativa que para tal efecto estableza cada universidade.

Por outra banda, no marco da formación permanente, o Regulamento de estudos Propios da Universidade da Coruña fixa que os plans de estudo de mestrado de formación permanente deben incluír un traballo de fin de estudos, deixando aberta a posibilidade de que outros estudos de formación permanente de posgrao (Diplomas de experto e especialista) inclúan un traballo de fin de estudos. A finalidade do traballo de fin de estudos é acreditar que o estudantado acadou as competencias coñecementos e habilidades propias da formación cursada. A defensa do traballo de fin de estudos debe realizarse en acto público.

No entanto, en determinadas circunstancias, particularmente cando o traballo se desenvolva en colaboración con empresas, corporacións, organismos públicos ou privados, centros tecnolóxicos, institutos ou grupos de investigación ou outras institucións (en diante, entidades colaboradoras), o estudantado pode acceder ou xerar información de carácter confidencial, suxeita a segredo profesional ou susceptible de protección por dereitos de propiedade industrial ou intelectual.

As prácticas académicas externas curriculares constitúen tamén unha actividade formativa integrada tanto nos plans de estudo das titulacións oficiais como nos títulos de formación permanente de posgrao da Universidade da Coruña, cuxa finalidade é permitir ao estudantado aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias profesionais que faciliten a súa empregabilidade e capacidade de emprendemento, de acordo coa normativa de prácticas académicas externas da Universidade da Coruña, co regulamento de estudos propios e coa normativa estatal aplicable.

As prácticas desenvólvense en entidades colaboradoras, tanto públicas como privadas, baixo a supervisión dunha persoa titora designada pola entidade de acollida e dunha persoa titora académica da Universidade da Coruña, e deben realizarse conforme ao proxecto formativo establecido para cada estudante.

No desenvolvemento das prácticas, o estudiantado pode acceder a información de carácter confidencial pertencente á entidade colaboradora, incluíndo información técnica, comercial, organizativa, científica ou estratéxica, suxeita a deberes de confidencialidade, segredo profesional ou protección mediante dereitos de propiedade industrial e intelectual.

Co fin de establecer un procedemento común para aqueles supostos nos que resulte necesario adoptar medidas específicas de confidencialidade durante a realización, avaliación, defensa, custodia ou difusión dos traballos de fin de estudos e das prácticas académicas externas curriculares, e garantir un tratamento homoxéneo destas situacións en todos os centros da Universidade da Coruña, sen menoscabar a necesaria transparencia académica e a publicidade dos actos de defensa, apróbase esta normativa de confidencialidade. Para tal efecto, establécense as medidas organizativas necesarias para adaptar a xestión académica daqueles casos nos que concorran obrigas de confidencialidade.

Esta regulación desenvolve as previsións contidas na Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao e do traballo de fin de mestrado universitarios, especialmente no relativo á obriga dos centros de incluíren nos seus regulamentos as medidas que garantan a confidencialidade dos traballos durante as fases de oferta, realización, depósito, defensa e publicación. Así tamén, desenvolve as previsións que figuran no Regulamento de estudos propios da Universidade da Coruña en relación cos traballos de fin de estudos da formación permanente.

No ámbito das prácticas académicas externas, esta regulación desenvolve as previsións contidas na Normativa de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, nos correspondentes convenios de cooperación educativa subscritos coas entidades colaboradoras e no Regulamento de estudos propios no relativo ás prácticas académicas externas nos estudos de formación permanente. En particular, establece as medidas específicas de confidencialidade necesarias para garantir a adecuada protección da información confidencial durante a realización das prácticas académicas externas e regula as condicións de acceso, uso, custodia e difusión da información obtida no marco das prácticas, así como as obrigas de confidencialidade e segredo que deben observar todas as persoas participantes, de conformidade coa normativa universitaria e coa lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e industrial e segredo empresarial.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación

1. Esta normativa ten por obxecto regular o procedemento para solicitar, autorizar e xestionar a confidencialidade na realización das prácticas académicas externas curriculares (PAEC), dos traballos de fin de grao (TFG) e fin de mestrado (TFM), elaborados no marco das titulacións oficiais, e dos traballos de fin de estudos (TFE.FP) elaborados no marco das titulacións de posgrao de formación permanente impartidas na Universidade da Coruña (UDC).
2. A súa finalidade é unificar criterios e establecer as medidas específicas de confidencialidade necesarias para garantir a protección da información sensible ou reservada, sen menoscabar o carácter público do acto de defensa nin a avaliación académica dos traballos.
3. Para estes efectos, enténdese por confidencialidade o conxunto de actuacións destinadas a impedir a difusión, transferencia ou revelación non autorizada de información á que o estudiantado tivese acceso durante o desenvolvemento das PAEC, do TFG/TFM ou do TFE.FP, ou que se xerase durante o seu desenvolvemento, cando a dita información estea suxeita a segredo profesional ou sexa susceptible de protección por dereitos de propiedade industrial ou intelectual.
4. Esta normativa será de aplicación ás PAEC e aos TFG/TFM e TFE.FP en que poidan concorrer circunstancias que requiran a adopción de medidas específicas de confidencialidade. Nestes supostos, a adopción das ditas medidas rexerase polo procedemento previsto nesta normativa.

Artigo 2. Aplicación do procedemento de confidencialidade

1. O procedemento de confidencialidade deberase iniciar cando concorran razóns debidamente xustificadas para protexer os intereses lexítimos da Universidade, da entidade colaboradora ou de terceiros, ou para evitar os prexuízos derivados da divulgación pública de información sensible que os afecte.
2. O tratamento de datos persoais durante o desenvolvemento das PAEC, do TFG/TFM ou do TFE.FP rexerase polo disposto no RXPd e na LOPDGDD, así como na normativa da UDC en materia de protección de datos e de seguridade da información. O cumprimento das obrigas derivadas das normas citadas non determinará, por si só, a aplicación do procedemento de confidencialidade regulado nesta normativa.
3. Cando a confidencialidade da información estea xa suficientemente garantida por outras disposicións, procedementos ou medidas aplicables e non resulte necesario adoptar ningunha das medidas previstas nesta normativa, non será necesario iniciar o procedemento de confidencialidade previsto.
4. O procedemento de confidencialidade será de aplicación ás seguintes persoas e entidades:



- a) O estudantado matriculado na materia de TFG/TFM en titulacións oficiais impartidas na UDC ou no TFE.FP en titulacións de formación permanente, que elaboren o seu traballo con participación de entidades colaboradoras, ou que, manexen información de carácter confidencial.
- b) O persoal docente e investigador (PDI) que exerza funcións de dirección, codirección ou titoría de TFG/TFM ou TFE.FP con contido confidencial.
- c) As persoas membros dos tribunais avaliadores e, de ser o caso, as comisións académicas ou de titulación, así como o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) implicado na autorización, avaliación ou custodia dos traballos sometidos a confidencialidade.
- d) As entidades colaboradoras que, en virtude do convenio específico, colaboren no desenvolvemento do TFG/TFM ou TFE.FP e acheguen información ou documentación suxeita a confidencialidade.
- e) O estudantado matriculado en PAEC nas titulacións oficiais e nos estudos de formación permanente impartidos na UDC que realice as súas prácticas en entidades colaboradoras e que durante o seu desenvolvemento acceda a información de carácter confidencial, segredos empresariais ou información protexida por dereitos de propiedade intelectual ou industrial.
- f) O PDI que exerza funcións de titoría académica das PAEC nas que concorran circunstancias de confidencialidade.
- g) As persoas titoras designadas polas entidades colaboradoras, así como o PTXAS da UDC que participe na xestión, seguimento, avaliación, arquivo ou custodia da documentación asociada ás PAEC sometidas a confidencialidade.
- h) As entidades colaboradoras que, en virtude dos correspondentes convenios de cooperación educativa e proxectos formativos, acollan estudantes en PAEC e faciliten o acceso a información, documentación, procesos, instalacións ou datos suxeitos a deberes de confidencialidade, segredo profesional ou protección legal específica.

Artigo 3. Alcance da confidencialidade

1. A confidencialidade aplicarase desde o momento en que se identifique a necesidade de adoptar medidas específicas de confidencialidade ata a finalización das obrigas de confidencialidade ou ata a súa desclasificación formal, de acordo co procedemento establecido nos artigos seguintes.
2. Por motivos de transparencia académica, en ningún caso un TFG/TFM ou TFE.FP poderá declararse confidencial na súa totalidade, senón que deberá garantirse sempre a posibilidade de realizar unha defensa pública parcial e de publicar, ao menos, unha versión do traballo exenta de información reservada. Así mesmo, a confidencialidade non poderá impedir o acceso á documentación necesaria para a súa avaliación polas persoas e órganos universitarios que interveñan no procedemento, de acordo coas medidas de protección previstas nesta normativa.

3. Por motivos de control e avaliación académica, en ningún caso a confidencialidade poderá impedir a presentación da documentación necesaria para o seguimento e avaliación das PAEC. Para tal efecto, deberá garantirse sempre a entrega á Universidade da memoria final do estudantado e dos informes de avaliación correspondentes, podendo omitirse ou anonimizarse a información reservada ou especialmente protexida, ou substituírse por descrições xerais que permitan verificar o cumprimento dos obxectivos formativos sen comprometer os intereses lexítimos da entidade colaboradora.

CAPÍTULO II. Procedemento de solicitude e autorización da confidencialidade

Artigo 4. Solicitude de confidencialidade

1. O estudantado que, no desenvolvemento das súas PAEC, do seu TFG/TFM ou TFE.FP, considere que concorren os supostos previstos no artigo 2, deberá solicitar a aplicación do procedemento de confidencialidade regulado nesta normativa.
2. A solicitude deberase presentar antes do depósito do traballo previo á defensa, preferentemente no momento en que se formalice a colaboración cunha entidade colaboradora ou se detecte a concorrencia das circunstancias que xustifican a aplicación do procedemento de confidencialidade.
3. A solicitude dirixirase ao órgano que estableza cada centro, a través da súa administración ou da plataforma institucional habilitada, e deberá ir acompañada da seguinte documentación:
 - a) Modelo de solicitude de confidencialidade establecido pola Universidade para estes efectos, asinado polo/a estudante, a persoa directora/titora académica do traballo e, de ser o caso, pola persoa responsable da entidade colaboradora ou titora profesional.
 - b) Xustificación da solicitude, mediante unha copia do acordo de confidencialidade coa entidade colaboradora ou unha declaración motivada do/a estudante ou da persoa titora académica e/ou directora das PAEC, do TFG/TFM ou do TFE.FP, en que se xustifiquen as razóns polas que resulta necesaria a aplicación do procedemento de confidencialidade previsto nesta normativa.
 - c) Identificación das partes do traballo afectadas pola confidencialidade.
 - d) Indicación das persoas ou colectivos que, por razón das súas funcións, deban ter acceso á información sometida a confidencialidade.

Artigo 5. Resolución e efectos da autorización

1. Por delegación do/da reitor/a, o/a decano/a ou director/a do centro no caso de PAEC e TFG/TFM e o director da Unidade de Estudos Propios (UEP) no caso do TFE.FP, será o órgano competente para resolver a solicitude de confidencialidade, de acordo co procedemento que cada centro estableza e coa participación dos órganos ou comisións que determine a súa normativa interna.



2. A resolución será favorable ou desfavorable e, neste último caso, deberá estar debidamente motivada. Seralles comunicada, como mínimo, ao/a estudante e á persoa directora ou titora académica, segundo corresponda, sen prexuízo de que cada centro estableza as notificacións adicionais que considere oportunas.

Contra a dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición ante o/a reitor/a.

3. A confidencialidade só se autorizará cando concorran os supostos previstos no artigo 2 e quede debidamente xustificada, de acordo coa documentación prevista no artigo 4.3. A autorización afectará exclusivamente ás partes da documentación ou do traballo ás que se estenda a dita protección, sen prexuízo da obriga de garantir o carácter público do acto de defensa e a avaliación académica do TFG/TFM ou TFE.FP.

CAPÍTULO III. Medidas de confidencialidade durante a realización, depósito, defensa e publicación do traballo

Artigo 6. Realización do traballo

1. A concesión da confidencialidade implicará a adopción de medidas específicas nas distintas fases do proceso de elaboración, avaliación e difusión do TFG/TFM ou TFE.FP afectado.

2. Durante a realización do traballo, o/a estudante e a persoa directora, codirectora ou titora deberán limitar o acceso á información sensible exclusivamente ás persoas autorizadas, adoptando as precaucións necesarias para preservar a súa confidencialidade. Así mesmo, velarán por que as persoas que accedan á información sexan informadas do seu carácter confidencial e das obrigas asociadas á súa utilización.

3. Tanto o/a estudante como a persoa directora, codirectora ou titora do traballo deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade, formalizado mediante o modelo establecido pola Universidade para estes efectos, unha vez que esta lles fose concedida, e con anterioridade a calquera actuación relacionada co desenvolvemento, depósito ou defensa do TFG/TFM/TFE.FP.

4. O/a estudante deberá indicar o carácter confidencial do seu traballo na solicitude de defensa para o que presentará, a través da aplicación de xestión académica correspondente, a resolución favorable de confidencialidade, sen prexuízo do cumprimento do disposto no regulamento específico de TFG/TFM ou TFE.FP do seu título.

Artigo 7. Depósito do traballo

1. No depósito do traballo previo á defensa, o/a estudante deberá presentar dúas versións da memoria:

a) Versión íntegra, que incluíra a totalidade do contido e quedará depositada na secretaría do centro con acceso restrinxido.

b) Versión pública ou reducida, da que se excluírán as partes sometidas a confidencialidade. Nesta versión inseríranse, no lugar dos apartados suprimidos, breves textos explicativos que indiquen de forma xeral a natureza da información omitida, de modo que se manteña a coherencia do conxunto. Esta versión deberá contar co visto e prace da entidade colaboradora, cando proceda.

As dúas versións deberán incorporar un preámbulo en que conste que o traballo contén información confidencial e se identifique a entidade ou persoa titular da devandita información.

2. O centro custodiará a versión íntegra e garantirá que a súa consulta se limite unicamente ás persoas autorizadas conforme a resolución de confidencialidade.

Artigo 8. Defensa e avaliación

1. Os membros do tribunal avaliador serán informados, coa antelación suficiente, de que o TFG/TFM ou TFE.FP se atopa sometido ao procedemento de confidencialidade regulado nesta normativa. Esta comunicación será realizada pola persoa ou cargo que designe cada centro para esta función ou mediante o procedemento que se habilite a través da aplicación institucional de xestión académica.

2. Antes de recibir o exemplar completo do traballo para a súa avaliación, os membros do tribunal deberán asinar o compromiso de confidencialidade conforme o modelo establecido pola Universidade para estes efectos, comprometéndose a manter na máis estrita reserva o contido do traballo e dos documentos anexos ou complementarios, sen comunicalo nin difundilo a persoas alleas ao tribunal.

3. O acto de defensa será de carácter público, pero as partes do traballo sometidas a confidencialidade expóranse exclusivamente ante o tribunal e as persoas autorizadas. O/a presidente/a do tribunal poderá acordar que esas seccións se desenvolvan a porta pechada, a petición do/a estudante ou da persoa directora. Será responsabilidade do/a estudante comunicar esta circunstancia ao/a presidente/a do tribunal para que adopte as medidas oportunas. As mesmas cautelas deberán observarse respecto de calquera gravación da defensa, de modo que a información sometida a confidencialidade non quede rexistrada nin difundida a persoas non autorizadas.

4. Sempre que se adopten as medidas previstas nesta normativa para salvagardar a información reservada, o/a estudante non poderá alegar confidencialidade para evitar expor partes do seu traballo ou responder as preguntas do tribunal.

5. Os traballos sometidos a confidencialidade serán avaliados de acordo cos mesmos criterios académicos que o resto dos traballos do título, e deixarase constancia expresa na acta de que o procedemento se desenvolveu respectando as condicións de confidencialidade autorizadas.

6. Finalizado o proceso de avaliación, o centro custodiará a documentación xerada no marco do procedemento de confidencialidade, garantindo a súa conservación e acceso restrinxido conforme a normativa vixente.

Artigo 9. Publicación e desclasificación

1. Na fase de publicación, a versión pública ou reducida do traballo poderá incorporarse ao repositorio institucional da UDC nas condicións establecidas na resolución de confidencialidade e de acordo co regulamento de TFG/TFM ou TFE.FP aplicable ao título.

2. A publicación do traballo no repositorio institucional ou noutros medios quedará supeditada á súa desclasificación formal, que poderá solicitar o/a estudante, co visto e prace da dirección do traballo e, de ser o caso, da entidade colaboradora, conforme o modelo establecido pola Universidade para estes efectos.

CAPÍTULO IV. Medidas de confidencialidade durante a realización e avaliación das prácticas académicas externas curriculares

Artigo 10. Realización

3. A concesión da confidencialidade implicará a adopción das medidas necesarias para garantir a protección da información confidencial durante o desenvolvemento das PAEC.

1. O estudiantado, a persoa titora académica e a persoa titora da entidade colaboradora limitarán o acceso á información sensible exclusivamente ás persoas autorizadas e adoptarán as precaucións necesarias para preservar a súa confidencialidade e velarán por que as persoas que accedan á información sexan informadas do seu carácter confidencial e das obrigas asociadas ao seu tratamento e utilización.

2. As persoas ás que lles resulte de aplicación o procedemento de confidencialidade deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade, conforme ao modelo establecido pola Universidade para estes efectos, con carácter previo ao acceso á información protexida.

Artigo 11. Memoria, informes e avaliación

3. A memoria final elaborada polo estudiantado e os informes emitidos para a súa avaliación poderán conter información confidencial, que deberá limitarse á estritamente necesaria para acreditar o cumprimento dos obxectivos formativos das PAEC.

1. Cando a memoria final inclúa información sometida a confidencialidade, o estudiantado presentará unha versión revisada da que se eliminarán ou anonimizarán os datos ou contidos reservados que non resulten imprescindibles para a súa avaliación académica.

2. Nas PAEC sometidas ao procedemento de confidencialidade, o informe emitido pola persoa titora da entidade colaboradora terá carácter confidencial e o seu acceso quedará restrinxido ás persoas responsables da xestión e avaliación das PAEC que o precisen para o exercicio das súas funcións.

3. A Universidade custodiará a documentación asociada ás PAEC sometidas a confidencialidade e adoptará as medidas necesarias para garantir o acceso restrinxido ás persoas autorizadas.

4. A confidencialidade non poderá impedir a avaliación académica das prácticas nin a entrega da documentación necesaria para a súa xustificación e cualificación.

CAPÍTULO V. Compromisos de confidencialidade e obrigas das persoas implicadas

Artigo 12. Persoas obrigadas a asinaren

5. A aplicación da presente normativa implicará que todas as persoas que interveñan en calquera fase do proceso e teñan acceso a información confidencial contida na documentación, memorias ou informes correspondentes ás PAEC, aos TFG/TFM ou TFE.FP, asinen o correspondente compromiso de confidencialidade, conforme os modelos establecidos pola Universidade para estes efectos.

1. Deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade as seguintes persoas:

c) O estudiantado de PAEC e o autor ou autora do traballo.

d) A persoa directora, codirectora ou titora académica do traballo e a persoa titora académica das PAEC.

e) Os membros do tribunal avaliador dos TFG/TFM ou TFE.FP.

f) O persoal técnico, de xestión ou de administración e servizos que, no exercicio das súas funcións, teña acceso a información ou documentación sometida a confidencialidade.

g) As persoas responsables da entidade colaboradora que, no exercicio das súas funcións, teñan acceso a información confidencial da UDC ou a resultados sometidos a confidencialidade xerados no marco das PAEC, do TFG/TFM ou do TFE.FP.

Artigo 13. Contido e custodia dos compromisos de confidencialidade

1. As persoas que asinen o compromiso de confidencialidade asumirán as seguintes obrigas:

a) Gardar confidencialidade absoluta sobre o contido do traballo, a documentación complementaria e calquera información á que teña acceso durante o seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e, de ser o caso, depósito e defensa, así como sobre as discusións suscitadas no dito proceso.

- b) Non divulgar, reproducir nin comunicar, total nin parcialmente, a información recibida ou xerada, en calquera soporte ou formato, a persoas non autorizadas.
- c) Non utilizar a información obtida para fins distintos aos académicos, avaliativos ou derivados da dirección, tutoría ou xestión do traballo.
- d) Destruír ou devolver, cando cumpra, o material impreso ou dixital relativo ao traballo unha vez finalizado o proceso.
- e) Respetar a normativa vixente en materia de dereitos de propiedade intelectual e industrial.

2. A secretaría do centro ou unidade administrativa responsable custodiará os compromisos de confidencialidade asinados polas persoas implicadas e garantirá a súa conservación e acceso restrinxido durante o período que corresponda, de acordo coa vixencia da confidencialidade autorizada ou co disposto na normativa de xestión académica.

Artigo 14. Incumprimento das obrigas

A vulneración das obrigas de confidencialidade será considerada incumprimento grave e poderá dar lugar á esixencia de responsabilidades conforme a normativa universitaria aplicable.

CAPÍTULO VI. Propiedade intelectual e industrial

Artigo 15. Titularidade dos dereitos

- 1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG/TFM ou TFE.FP corresponderá, con carácter xeral, ao/a estudante autor/a do traballo, de conformidade coa normativa da UDC e a lexislación vixente.
- 2. A existencia de acordos de confidencialidade ou de colaboración con entidades colaboradoras non modificará a titularidade dos devanditos dereitos, salvo que as partes subscriban un acordo específico en que se estableza o contrario. Este acordo deberá formalizarse por escrito e cumprir os requisitos establecidos pola normativa da UDC.

Artigo 16. Traballos vinculados á investigación ou contratos

Nos casos en que as PAEC, o TFG/TFM ou TFE.FP utilicen ou incorporen información, datos ou materiais vinculados a actividades de investigación, contratos ou proxectos desenvolvidos na UDC, ou poidan xerar resultados con potencial de protección intelectual e industrial, a xestión destes aspectos axustarase ás indicacións da Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) e á normativa universitaria vixente.

Disposición adicional primeira. Aspectos éticos da investigación

A aplicación desta normativa enténdese sen prexuízo do cumprimento das obrigas éticas que resulten de aplicación ás prácticas académicas externas curriculares e aos traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado ou traballos de fin de estudos de formación permanente. Cando, pola natureza do traballo ou das prácticas, resulte necesaria a autorización ou o informe dun comité de ética ou o cumprimento doutros requisitos específicos, estes deberanse obter de conformidade coa normativa e cos procedementos que resulten de aplicación na Universidade.

Disposición adicional segunda. Adaptación dos centros

Os centros adaptarán os seus regulamentos e procedementos internos ao disposto nesta normativa, atendendo ás particularidades de cada título, sen prexuízo de manter os criterios xerais establecidos.

Disposición adicional terceira. Realización de traballos ou estudos con datos persoais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ou de centros docentes públicos dependentes desta Consellería

En cumprimento da Instrución 4/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, será de aplicación o seguinte procedemento para o tratamento de datos persoais no ámbito das consellerías con competencias en materia de educación e dos centros públicos educativos dependentes delas.

Os traballos realizados no marco de materias curriculares que impliquen recollida de datos persoais en departamentos das consellerías con competencias en materia de educación, ou en centros docentes públicos dependentes delas, requirirán de validación previa por parte do Comité de Ética ou órgano asimilado da facultade ou centro correspondente. Esta obriga afecta aos seguintes traballos: Traballos de fin de Mestrado, Traballos de fin de Grao, e calquera outro traballo ou estudo realizado no marco de materias curriculares de grao, posgrao ou títulos propios.

Os estudos ou traballos de investigación realizados fóra dos casos anteriores (teses de doutoramento ou calquera outro traballo de investigación realizado por alumnado, docentes ou investigadores no ámbito da UDC), que impliquen recollida de datos persoais en departamentos das consellerías con competencias en materia de educación, ou en centros docentes públicos dependentes delas, requiren a presentación dunha solicitude de validación previa á citada Secretaría Xeral Técnica, nos termos previstos na indicada Instrución 4/2023.

Disposición final primeira. Interpretación

As cuestións relativas á interpretación e aplicación desta normativa serán resoltas polas vicerreitorías con competencias en materia de titulacións e de prácticas académicas externas, no ámbito das súas respectivas competencias, en coordinación,

cando proceda, coa OTC, coa Asesoría Xurídica e coa Delegación de Protección de Datos da UDC.

Disposición final segunda. Entrada en vigor e normativa supletoria

A presente normativa de confidencialidade para o desenvolvemento de PAEC, TFG, TFM ou TFE.FP na Universidade da Coruña entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

Naquilo non previsto expresamente nesta normativa, será de aplicación a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e industrial, segredo empresarial e a demais normativa da UDC que resulte de aplicación.

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

M.^a José Lombardía Cortiña.

